

A cidade da Coruña durante a IIª República, en 12 novas fotografías

FICHA TÉCNICA Estoxo de 12 postais.

FORMATO 21x 13 cms.

ISBN 978-84-16460-88-5 PVP: 11,50 €



Alvarellos Editora lanza, para a Feira do Libro da Coruña (1-10 agosto), una nova colección de postais de fotografías históricas. Baixo o nome de **A CORUÑA ANOS 30**, rescatamos 12 panorámicas da cidade dos primeiros tempos da IIª República.



SANTIAGO-A CORUÑA, 28 DE XULLO 2020.- Alvarellos Editora levará como **novidade** este ano á Feira do Libro da Coruña unha nova serie de fotografías da cidade obtidas na época da IIª República, editadas e comercializadas conxuntamente neses anos 30 polo fotógrafo **Luciano Roisin** (París, 1884-Barcelona, 1943), rescatadas agora en **formato de postais de gran tamaño (21 x 13 centímetros)** e presentadas nun estoxo de novo deseño.

A CORUÑA ANOS 30 reúne 12 singulares panorámicas da cidade. Sabemos que estas fotografías foron obtidas arredor do verán de 1932 porque nunha delas aparece, no Cantón Grande, o **Teatro Linares Rivas** (fermoso edificio modernista de 1920 derrubado en 1937) co anuncio na súa carteleira da estrea na cidade da zarzuela **Katiuska. La mujer rusa**, primeira obra lírica de Sorozábal, que actou na Coruña o venres 22 de xullo de 1932. Outras imaxes mostran a nova nomenclatura urbana do novo réxime, como

é o caso da **Avenida da República** (actual Avenida da Mariña) ou tamén homenaxes a republicanos ilustres como Emilio Castelar, quen fora un dos presidentes da Iª República e que deu nome, dende finais do XIX ata 1937, á **rúa de Castelar**, actual Rúa Nova. Outras fotografías recollen momentos especiais do verán como o intre do baño nunha irrecoñecible **Ría del Pasaje**, actual **Ría do Burgo**; un animado día de praia en **Riazor**, ou os inicios da **Ciudad Jardín** –esa idea pioneira de barrio humanizado onde se alzaban preciosas casas unifamiliares–. A rúa Real, a Dársena ou Juana de Vega completan esta viaxe pola Coruña da República.

A CORUÑA ANOS 30 é a terceira serie de fotografías históricas da cidade rescatadas por Alvarellos Editora. En 2016 foi **A Coruña Anos 20** (12 imaxes) e en 2018 **A Coruña anos 20 (II)**, con oito imaxes inéditas, todas elas do editor Luciano Roisin. Os tres packs estarán á venda na caseta de Alvarellos na Feira.

Para contactar co responsable da edición, Quique Alvarellos: 609 90 88 52 - 981 522 137 - correo@alvarellos.info

